


HISTORIA DE ROMA (I)



A MONARQUÍA EN ROMA (753-509 a.C.)

ACONTECEMENTOS

Chegada de Eneas ó Lacio (?)

Os 12 reis de Alba Longa (?)

Usurpación de Amulio e
nacemento de Rómulo e
Remo (?)

Fundación de Roma (753 a.C.)

1º rei: Rómulo (753-720 a.C.)

2º rei: Numa Pompilio (715-672 a.C.)

3º rei: Tulo Hostilio (671-641 a.C.)

4º rei: Anco Marcio (640-616 a.C.)

5º rei: Tarquinio o Vello (616-579 a.C.)

6º rei: Servio Tulio (578-535 a.C.)


7º rei: Tarquinio o Soberbio (535-509 a.C.)

Segundo unha lenda coñecida no Mediterráneo na Antigüidade, Eneas, un dos líderes de Troia, escapou da ruína da cidade, xunto co seu pai e o seu fillo, para emprender unha longa e accidentada viaxe polo mar ata chegar, logo de afrontar aventuras en Cartago e Sicilia (entre outros lugares), ó Lacio.

Viaxe de Eneas
(resumida)



Eneas
ante
Latino



Unha vez alí, pide asilo ó rei Latino, que lle ofrece como esposa á súa filla Lavinia. Mais ela estaba prometida a Turno, xefe dos rútuolos, pobo veciño dos latinos.

A ruptura do compromiso desencadea unha guerra na que Eneas e o rei Latino vencen. O heroe troiano aséntase no Lacio e o seu fillo Ascanio Xulio funda a cidade de Alba Longa, que coñecerá doce reis ata chegar a Procas, quen nomea herdeiro ó seu fillo Numítor.



Eneas
vence
a Turno

Mais Amulio, irmán de Numítor, derroca a este para logo matar ó seu fillo varón e obrigar á súa filla Rea Silvia a manter a virxinidade. Pero o deus Marte, namorado da moza, enxendra nela dous xemelgos: Rómulo e Remo.

**Amulio
entrega á
súa filla ás
virxes Vestais**



Amulio ordena asasinar os nenos, mais os seus soldados só teñen carraxe para abandonalos. Axiña, mentres son amamantados por unha loba, son atopados polo pastor Fáustulo, que os criará como fillos seus. Ó alcanzar a maioría de idade, matan a Amulio e recuperan o trono para o seu avó Numítor, pedíndolle a troco que lles permita fundar unha nova cidade.



Rómulo e Remo
discuten polos sinais




A pelexa dos irmáns

Viaxando cara ó norte, atopan un lugar que lles parece axeitado e piden a axuda dos deuses para saber quen será o fundador e primeiro rei. Sube cadaquén a un outeiro e agardan a aparición dos primeiros paxaros.

Chegan seis voitres onda Remo e doce onda Rómulo: este reclama a vitoria por ver o dobre, mais Remo di que o primeiro en albiscar paxaros foi el, e que por iso é o gañador.

Rómulo comeza a trazar o rego que servirá de límite da nova cidade, mais Remo písallo. Segue unha pelexa, na que Remo morre a mans de Rómulo. El será o fundador e primeiro rei de Roma, pois así se chamará a fundación: é o 21 de abril do ano 753 a.C.

**Para axudarse no goberno, Rómulo
escolle cen dos máis vellos dos
primeiros poboadores: constitúen o
Senado, unha asamblea de notables
chamada a ser a institución máis
duradeira da historia da Antiga Roma.**



O Senado



O rapto das
sabinas

**A escaseza de mulleres obriga a Rómulo
a idear unha estrataxema: invita os
sabinos, un pobo veciño, a unha festa a
Roma. No medio da celebración, os
romanos secuestran as mulleres
sabinas. Os sabinos declaran a guerra,
mais as mulleres raptadas impoñen
unha tregua, que se resolve coa
integración dos sabinos en Roma.**

Busto do deus Xano



Rómulo morre máis tarde (algúns cren que asasinado polos senadores) e é divinizado co nome de Quirino. O Senado elixe sucesor a Numa Pompilio (715-672 a.C.).



Augur

A tradición atribúe a este rei a fundación da relixión nacional romana. Entre outras cousas, establece os *collegia* (asociacións) de sacerdotes, e erixe templos en honra dos deuses.



Logo de Numa Pompilio, o Senado elixe rei a Tulo Hostilio (671-641 a.C.), quen destaca pola súa ansia guerreira: declarou a guerra a Alba Longa, a vila orixinaria de Rómulo e Remo.

A loita entre os Horacios e os Curiacios

Cóntase que a guerra rematou despois dunha loita entre tres irmáns albanos –os Curiacios- e tres romanos –os Horacios-. Ó principio, os Curiacios mataron a dous dos Horacios; o terceiro destes comezou a fuxir deles mantendo certa distancia: deste xeito cansounos, podendo loitar con cada un deles por separado. Á fin, o romano venceu, e Alba Longa quedou sometida a Roma.



O Capitolio
fortificado

**O reinado de Anco Marcio (640-616 a.C.)
estivo marcado polas guerras contra os
pobos veciños do Lacio e polas obras
públicas de importancia.**



A Ponte Sublicia

**Consecuencia do primeiro aspecto do
reinado foi a fortificación do Capitolio como
outeiro defensivo; resultado do segundo
foron a construción dunha ponte sobre o
Tíber e o establecemento do porto de
Ostia, sito na desembocadura do río, 12 km
ó suroeste de Roma.**




O porto de Ostia

Con Tarquinio o Vello (616-579 a.C.) comeza un período de influencia etrusca sobre Roma, caracterizado por unha tendencia dos reis a impoñerse sobre o Senado, que era quen os elixía.

Este monarca continuou as obras públicas, mais quíxoas de maior magnitude: canalizáronse parte das augas fecais da cidade nun gran colector e construíuse un moi amplo recinto (400x150 m) destinado a acoller espectáculos para grandes multitudes: o Circo Máximo.




Cloaca Maxima (aínda en uso)



Circo Máximo

Servio Tulio (578-535 a.C.) chegou ó poder e abandonouno de forma violenta, como resultado de dúas conspiracións.



Trazado da muralla serviana

Feitos salientables do seu reinado foron:

- A división de cidadáns en cinco clases económicas a efectos fiscais e militares.
- A primeira circunvalación da cidade cunha muralla defensiva, partes da cal aínda subsisten, segundo se cre.

O derradeiro rei de Roma foi Tarquinio o Soberbio (535-509 a.C.), quen gobernou, segundo parece, de xeito despótico. Foi a nobreza a que conspirou para derrocalo, aínda que os historiadores antigos xungen a este feito outro de carácter dramático e lendario.



O crime dos Tarquínios
e a expulsión dos reis

O fillo do rei, Sexto Tarquinio, violou a Lucrecia, esposa de Lucio Tarquinio Colatino, curmán do rei. A muller, ademais, suicidouse. Aproveitando a ausencia do monarca, que se atopaba nunha campaña militar, produciuse un golpe de Estado liderado por Colatino e outro curmán seu, Lucio Xunio Bruto. Como consecuencia, proclamouse a República. O rei buscou aliados entre o resto dos pobos latinos e entre os etruscos para recuperar o poder, mais non o conseguiu